

24 de Outubro No Día Internacional das Nacións Unidas

NOVE ORGANIZACIÓNS SOCIAIS GALEGAS PEDEN UNHA REFORMA EN PROFUNDIDADE DO SISTEMA DE INSTITUCIÓNS INTERNACIONAIS

A celebración do 24 de outubro como Día Internacional da ONU serve a nove organizacións sociais galegas para lembrar a necesidade dun profundo cambio no sistema de Institucións internacionais. O *Seminario Galego de Educación pola Paz*, a *Fundación Galiza Sempre* (FGS), a *Coordinadora Galega de ONGDs*, *Esculca*, o *IGADI*, o *IGESIP*, *Xustiza e Sociedade* e as fundacións *FESGA* e *Luis Tilve* crearon en 2007 un **Comité Galego de Apoio á Campaña Mundial para unha profunda Reforma do Sistema de Institucións Internacionais**, unha iniciativa apoiada por destacadas personalidades e máis de 100 redes sociais e cívicas internacionais. O principal obxectivo desta Campaña é contribuír á creación dunha orde mundial baseada no respecto e desenvolvemento da legalidade internacional, cunhas Nacións Unidas máis fortes, máis democráticas e con control efectivo sobre todos os seus órganos, axencias e sobre as outras organizacións multilaterais globais (Fondo Monetario Internacional, Banco Mundial, Organización Mundial do Comercio, etc).

O Manifesto da Campaña subscrita polas entidades galegas “*coa intención de incorporar ao noso País a este movemento*” denuncia, entre outros, os problemas da guerra e a pobreza, os riscos ambientais, a perda de diversidade cultural e a progresiva debilidade das institucións políticas perante mercados cada vez máis globais.

O **Foro Social Galego** a celebrar do 5 ao 7 de decembro será escenario dun novo debate sobre esta iniciativa que pretende cuestionar o unilateralismo, o desprezo da legalidade internacional e a imposición de políticas económicas ultraliberais desde organismos alonxados do control democrático que caracterizan a situación mundial.

Pódese consultar o Manifesto da Campaña en www.reformcampaign.net.

AGRADECEMOS O TRATAMENTO INFORMATIVO.

Reciban un saúdo cordial.

En representación do Comité Galego:

Manuel Dios Diz
Seminario Galego de Educación para a Paz.

Xabier Macías
Fundación Galiza Sempre

Para máis información: 981-561956